

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts,
América, Id. 2 »

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal


Pagos adelantados

Redaición e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 39

A CRUÑA 10 DE XANAL DE 1917

FROITO CACIQUIL, por Castelao



O maior contribuyente

O Marqués de Figueroa é dos nosos

SIN lle pôr nin lle quitar cousa algunha podemos os nacionalistas gallegos suscribir as declaracións que fizo o ilustre Marqués de Figueroa no mitin maurista e no banquete que lle subsiguu, celebrados n'esta cibdade na derradeira semana.

Coma nós quere que se refaga e afirme a persoalidade de Galicia; coma nós pensa que a variedade interrexional dará por resultado unha España maior; dóese coma nós dos males do centralismo. Tampouco lle habemos de pôr reparos—no momento de agora—a sua opinión de que o nome de nacionalismo apricado ó actual movemento de facer respetar a persoalidade gallega, pode prestarse a trabucación de conceptos; tampouco nós rifamos por cuestións de nome.

Mais aínda; é de xusticia non tomarlle contas do por qué, pensando como pensa, non fixo declaracións de este xeito desde fai vinte anos para acá; noblemente confesóu ter figurado no retablo de Maese Pedro onde a rabuñenta pouta do centralismo tiraba dos fios que movían a farsa. Acaso o Sr. Marqués, como aquel falaba en prosa sin sabel-o, era nacionalista sin se decatarse d'elo hasta o de agora.

E, por remate, concordamos tamén co ilustre personaxe, en que non sería lóxica a pretensión de dirixir ou encauzar esta renovación, esta enorme lazada que fai o despertar da conciencia colectiva de Galicia; a sua nobleza obliíga, pra que ninguén recele, pra que a grei non treme n'a lembranza e na visión dos pastores de antano que a guiaban á un despanadoiro—do que por fortuna vaise arredando gracias o esforzo d'unha xuventude xenerosa—á sumarse ó tren en marcha da santa liberación, á ese tren que xa atopa organizado por outros, e que non párra endexamais, porque é aquil tren do Progreso que cantóu Revilla.

Non na máquina, Marqués, que non sería xusto; no conxovo sí, no esforzo, en dar azos prá grande empresa; e si non pode ser, polo menos—nobleza obliíga—neutralidade, via libre. Este tren derrucará e levará por diante, á quen intente detel-o pra lle dar hipócretas consellos, ou pra asaltar o posto da dirección, como quizaves se demostre en Lugo se é que aínda hai valor pra realizar certos intuitos que de Madrid anuncian, I-este final vai, por certo, co-o noso irmán e correligionario o ilustre Marqués de Figueroa.

Cada señorito evos, sin él decatárese,—él sabe ben o qu'é—un enima. Somella unha eutelequía particularísima, d'un xeito específico ó que, de n-o haber iñorado Leibnitz, dedicálle todo o senso d'o entomólogo diant'o arcano d'un verme. Ten a intelixencia outusa d'as pedras cheas de vountade de que n'os fala Schopenhauer. Pro ten ¡qué demol unha intelixencia. N-o retabro d'a política, como n-o retabro social, esa intelixencia istintiva, morta pr'ás outas xornadas, ten un pesquis extraordinario. En todo istante o señoritismo ten de acollere o xeito d'unha comenente e casi xenial postura. Onde millor, mais satisfeito se sinte é, por exemplo, nas argalladas e nas enchentes d'os fatos mauristas, non na rexión seera d'as ideas calladas na personalidá do xefe máisimo. Os señoritos son os bufós d'ocasión, os damiselos que decouran todas as solenidades de trangallada e relumbrón. As ideas non lles importan un res, porque tampouco teñen conciencia cibdadán nin sentimento d'as responsabridades patrióticas. Están sempre a tono. Hoxe dan vivas ó maurismo—en cuyas festas as femias xentís prantan o penacho d'os seus encantos—como mañán darían vivas a Lerroux e formarían n'un cortexo en que se agallase a Marcelino Domingo ou a Cambó. As conviciós, calquera qu'elas sexan, son pra eles un papel en branco.

Ese señoritismo, decatado d'a ficción social, na que toma normas e orientaciós, como n'unha escola de mundanidá trunfante, leva, por debaixo d'elegancias narcisescas, que até recenden a refinamentos de femia d'harén, o istinto ispido, a sensibridá tolleita, os miolos valeiros, enferruxados de espesa tontería. Non lê, non estudia e, o qu'inda é peor, non quere estudar. Arrenega d'a cultura como d'unha mala fada que fai pensar e que s'atravesa cal un espantallo inquietante na vida d'a simplicidá parva e necia. Non quere tampouco falar en galego; dalle noxo, a él que da noxo oírle falar o castelán, porque n'ó sabe nin o adeprende. ¿De qué se gaba o señoritismo? A ti, leutor, pídoche que alccontres un señorito perifoleiro,—d'esos que saúdan ás rapazas con moita argalleiría, con xeito de postiza finura,—que teña n'os miolos algunha cousa d'importancia...

ROBERTO BLANCO TORRES.

NOVAS PAULIÑAS

O SEÑORITISMO

UNHA d'as cousas mais tristes d'a nosa terra son os señoritos, e a cousa mais triste dos señoritos é a sua incultura. O señoritismo chega á constituire un problema—por certo dos mais interesantes—no puxante ideario actual d'a raza, posta de pé n'esta nova cruzada que non é somentes de rexeneración colectiva e de exercicio d'un dereito cibdadán, qu'é ademais de dinidá individual, de dinidá d'homens libres e conscientes.

Teñen pra sí os señoritos (e xa o leutor terá ollado quén son os que eisí nomeamos) que abóndalles o finchamento y-a aparencia do traxe—ouh, memoria d'aquel xenial Teufelsdröck—, a corbata periposta, o sombreiro levado con *chic* y-as xenuflexiós de certo xeito cortesán, pra incorporárense cal entidades orgánicas e vivas ó mundo d'a civilización, d'a ciencia e do pensamento. A conceución do home moderno, do cibdadano verdá, do que axexa dend'a cume do espírito, aberto a todol-os ventos as inquietudes do século, as manifestaciós do porgreso e os

derroteiros d'as ideas, está ben por enriba d'esa figuranza mesquiña, «têrre a têtterre», de «snobismo» valeiro e ridículo mimetismo social, remoíño onde milentas de veces s'afogan naturezas de boa cepa e intelixencias que poideran dar froitos d'abondo. Nas cibdades e nas vilas o señoritismo ten facha d'unha praga, mais trascendente do que ó pirmeiro ollar pareza, que pide con urxencia, na terapéutica social, antes que outra cousa pol-o d'agora, unha profilaxis que poña en seguro recado os demais elementos colectivos, librandoos d'un fatal contaxio. O señorito é a concreción do simplismo, d'a vulgaridá ribereteira, do engolamento y-os xeitos de simulación, da iñorancia, cando, como sucede de cote, fuxe d'as suxestióis d'a vida espritoal, das nobres emociós d'a outa beleza, e vexeta ó marxe de todas as correntes ideolóxicas. Cantas veces pode vai en automóvil, mais o seu espírito—como dixó un mestre sempre admirado, sempre dino, sempre home—vai a cotío en carreta.

No próisimo boletín falaremos eistentensamente do viaxe dos nosos irmans a Barcelona.

A boa nova

AXIÑA serán espallados por toda Galicia os primeiros folletos d'unha serie que se ven imprimendo e que constituirán a maneira do *idearium* do movemento galeguista.

N' eles fálase reflexivamente de cantas cuestións de xeito económico, agrícola, agrario, gandeiro, político, xurídico e histórico, afeutan á nosa terra.

Istes folletos, como xa dixemos, espalláranse por tod'a rexión chegando primeira-mente que a outras mans ás dos nosos amigos e suscritores.

A mais dos folletos faránse follas, faráse un xornal, utilizando—ô mesmo tempo que a porpaga oral continua,—cantos meios se teñan imaxinado nos pobos civilizados pr'a porpaga escrita.

Temos de conseguire que Galicia enteira se deprocate da súa persoalidade e de cantos problemas esenciais con ela gardan relación.

Chegou o instante da loita intensa e rexa do apostolado fervente e baril.

Axiña ollarase que moitos eran homes grandes porque nós mantiñámonos axionlados.

UNHA CONFERENCIA

DE RODRIGUEZ MARTINEZ

O DOCTOR Rodríguez Martínez, como xa é sabido, dou unha conferencia, notabre cal o son total-as suas, no *Casino Republicano* da Cruña, referente á posición que ô seu xuicio ten d'adoutare o partido republicano autónomo da cidade herculina respeito ô rexionalismo.

Por un erro d'axuste quedou fora de prana o que tñamos feito sóbor do particular.

Hoxe xa coidamos que é tarde pra falar d'aquela conferencia na que parezmos que está admirablemente eisposto canto fai relación c'o republicanismo e o rexionalismo.

O Sr. Rodríguez Martínez ven imprimendo o seu traballo luminoso—cousa que coidamos moi oportuna e intresante—e polo mesmo cando salla á lus, que será axiña, falaremos longamente d'il.

Abóndenos agora adiantar que o culto e elocuente doctor, abogado de total-as nobres causas, coincide c'o que dixo Porteiro nas suas conferencias do *Circo d'Artesanos* c'o programa da antiga Solidaridade Galega e con cantas difinicións teñen feitas as «Irmmandades da Fala».

¡ADIANTE!

Dendes da unión c'o estrano, ni os desordes,
Nin as revoltas e sanguentos casos,
Xogos crués de Marte e da Fortuna,
Acougo nos deixaron.

O fatal desacerto dos pais nosos,
Que hoxe tanto nos custa, foi a causa,
E fai-nos camiñar c'os pés ispidos

Sobre de vivas brasas.

Resoan os crarís, o ferro brila,
O sudor cubre os homes e os cabalos,
E parece do celta valeroso

O rostro demudado.

O estrondoso balvór cada vés medra
E as xentes se revolven, entendendo

O termos todo asoballado, fora

Dos bós o forte peito.

Nunca tal nesta terra sucedera

Se a mente dos pasados cavilara

Que unhos tratos tan torpes á prol sua

Trairían só a disgracia.

Non de sangue galaico, tan en balde,

Se tinxiran os campos de vermello.

¿Que lugar toparase que non garde

Dos nosos algún resto?

Mais a dôr, Musa audás, non me renoves,

Que tempos mais ditosos vendo diante

Estamos hoxe xa. En tanto neste

Dudo-o, duro lance,

O valor e firmeza sosteñamos,

Que os furiosos trobós non son eternos,

Nin tampouco ha zoal-o vento sempre

Sobor dos nosos eidos.

FLORENCIO VAAMONDE.

O NOSO APOSTOLADO

SEMENTANDO

LEMBRÁDESIVOS d'aquel escolante de Medicina, compañeiro de Xerardo en Compostela ô cal éste atopa n'unha romería da aldea tocando o cornetín n'unha murga pintoresca?

E n'a *Casa de la Troya* de Lugín—ese castelan que sinte mais amores e fai mais por Galicia que moitos desleigados esquiretores eiquí nados, que moitos fillos da terra?

Pois é o caso qu'outro escolante que cursaba os derradeiros anos de Dereito, amigo meu, era moi afeitoado ô divino Arte, ô Arte por excelenza, e gustaba moito de tocaren a gaita na que facía o que quería.

Fai unhos días qu'eu fun á súa casa—unha clásica *pousada* estudantil—á levarlle un feixe d'apuntes de certa asignatura da carreira.

Topéino sentado enriba d'o leito—un catre fementido e destartelado,—entretido

tañendo o instrumento n'o que tiña postas tod-las suas ilusions.

Mentras ensayaba e adeprendía non séi qué tocatas, os libros de texto, apuntes, e códigos, repousaban fechados n'unha mesiña de «pintado pino.»

Dixenlle que tocase algo que fose bô, e contestóume que en meu honore iba a probar en compracerme.

E a seguida tocou dous ou tres pezas, estranxeiras, «raras», con moito «virtuosismo» interperadas, facendo na gaita—unha gaita preciosa: gayamente vestida de sedas—repinicos, pirmores, e filigranas, que mesmo daba xenio ouvil-o.

As dulces notas iban insensiblemente meténdose na miña alma de impresionabre com'un aloumiño, com'unha bendición celeste e inefabre, mais non chegaron a enseñoreárense d'aquel sagrario.

Rematado qu'houbou o concerto, díxenll'ô meu camarada:

—Abofé qu'eres un gaitero ademirabile, mais pra sel-o compreto, pra sere un músico perfeito e cabal, faiche falla unha soia cousa qu'é facile d'adequirir.

—¿Qué cousa é esa, hom? ¿Que de certe dígoche que intrésame sabela?

—Pois é ista: Tí tocas a gaita todol-os días; tí estuías á cotío música, ¿sabes cal é o segredo pra que poidas chegare á sere un famoso gaitero d'a terra? Que non profanes xamáis a gaita con cousas estranas, con música eisótica, con pezas d'otros países. Tés en Galicia música qu'é un regalo, qu'é unha ledicia: prautícala n'a tua gaita, e xa verás como á volta d'algún tempo dasme as mercedes pol-o consello. Na tua vida volvas á tocaren música estranxeira. Tocar na gaita música de fora é un aldraxe pra Galicia, unha executoria de cativo gusto, é, finalmente, unha profanación do instrumento meigo que tan axiña «chora como ríe»—según dixo Rosalía, a Inspirada—, aínda qu'algunhas veces non se sabe si «ríe ou chora», según lle contestou Aguilera. ¿Comprendiche o que quixen decirche?

—Si, comprendín-o e tés razón que che sobra. Eu xúroche non volver á tocaren nada que non sexa única e excrusivamente galego. ¡Non quero profanar a gaita!

...E aquela gaita diviña, aquela gaita vestida de sedas, que era pra o escolante a noiva dos seus amores e das suas ilusions, aquela gaita-símbolo, aquela gaita-cetro, aquela gaita galega non volverá a salayar nin á xemir, á rír nin chorar armoñías eisóticas, líricas, pregarias, que profanaban noso segredo chan...

ORTIZ NOVO

(Bibliotecario da Irmmandade da Fala de Santiago.)

Outono, MCMTVII.

DOS XORNÁS DA REXIÓN

GALICIA ARELA DESPOXARSE DOS SEUS TIRANS

Os rexionalistas cataláns dixerón que virán á Galicia á espertar o rexionalismo galego, i-enlazalo có de Catalunya; e xornalistas d'isos que préstanse á calquer cousa, falan con Besada e afirma iste que na nosa rexión, tan esquecida com'o aldraxada, non s'íntense ideias rexionalistas,—agás qu'entrasen n'ise camiño, Riestra, Besada e Bugallal.

Os cataláns, novamente, din que virán á Galicia co-unha campaña d'afirmazón, e de Galicia contéstalles o pobo enteiro, a rexión forte, os homes que non istán castrados pol-a trinidad do caciquismo brutal, qu'agárdanos cós brazos abertos, e o escándalo entr'os primates do moderno feudalismo, que non logramos ainda esterminar porque nos desxuntamos en partidos fraicionarios en troques de xuntárenos co-un soio ideal, o da redenzón, repordúcese e inventan frases e quites sin orientación algunha, mais co-a impacencia propia da desesperazón, porqu'as pormesas de Cambó istán, endeben, en vísporas de sere unha encantadora realidade.

¿Qué faguer?—pensaron os que dispoñen das catro porvncias sin mais dereitos nin títulos qu'os de sostêr un caciquismo central horrible, outro peor nas porvncias e no candente nos pobos ruraes.—A paz dos nosos distritos háchase ameazada, e non hai maneira de contêr a ameaza.

E os grandes caciques de Galicia; os que chegaron á ministros, mercede ós distritos sin alma; os que soio lembrábase qu'eran deputados por un distrito galego en vísporas da proqramazón, falan na Corte cós xornalistas, e xa lles dín que farán mitins pra desvirtuare a campaña dos rexionalistas cataláns, ou conversan outra vez cós rapaces de *La Época*—son idóneos—decíndolles qu'o bloque traballa, que non consentirán mais o cuneirismo en Galicia e que—sobre todo isto—o caciquismo d'ista rexión é tan soio unha lènda fantástica en rexións alleas.

¡Ben pol-os rapaces de *La Época* que concen a nosa rexión admirabilmente, e mercede á iso non puxéronlle como coletilla a isa conversa unha rotunda negazón!

E o dito por *La Época* non nos eistraña. ¿Cántos miles de pesetas entran naquela redaizón como gratificazón, soldos, etc., dos

fondos do Estado, pordigados por algunhos ou varios dos grandes caciques de Galicia? ¿Cántas aitas foron donadas a ise xornal por Bugallal, Besada, ou Dato?

En fin, froito do apoucamento da España gastada ou dos españoles sin corazón e sin cerebro.

En Galicia non eisiste o caciquismo.

¿Qu'é isa impunidade qu'envolve a centos de corporazóns municipais, que delinquen malversando fondos da Comuna?

que un xuez d'Órdenes (A Cruña) dirixéu o señor Lerroux recentemente?

¿E a sede d'ilustrazón que ten o pobo, cuias escolas arcaicas, sin material nin edificios, son insuficientes pr'o vinte por cento dos poboadores da rexión?

¿En nome de quen danse isas tremendas labazadas ás leies e moi especialmente ás d'Asociacións e Reunións?

En Galicia non hai caciquismo: *En Nebra regáronse os camiños con sangue de vellos e mulleres; en Riós un Segretario d'Auntamento asesina n'unha encrucixada; en Salvatierra mátase nas rúas, i-en Galicia non acontece nada; nin estremécese a alma do pobo, nin treman as esfeiras do caciquismo; tan soio retórcese algo a cadea formada co-a xente pagada, dend'o porteiro do Auntamento en adiante; mais ô fin todo arrégrase, e ficase en qu'en Galicia non hai ise caciquismo de corda e coitelo, armas antigas; mais sí, de pistola, qu'é moito mais radical.*

Na nosa rexión non fálase d'alcaldadas porqu'estamos acostumados a recibil-as á cotío en faciana propia ou d'algún parente, nin de trapacerías, por canto é sistema gubernamental. Tampouco aférrase ninguén â letra nin esprito da lei, porqu'estas istán esquirtas con outra letra e outro esprito na lexislación autoritaria: ¡O respecto â lei en Galicia e pol-os que mandan!...

¡E o cuneirismo! Â nosa rexión mandóunos sempre o Ministerio da Governazón un encasilado atrofiante. Os homes inservíbles foron sempre deputados por Galicia, cuias aitas eran prodigadas xa entre parentelas de títulos de Castela, xa donadas nas canastelas de boda.

E Galicia sin faguer unha portesta colectiva sufréu ista praga miserabile do mesmo xeito qu'os pobos escravos terman o xugo dos seus tiráns. As portestas illadas da moitedume, foron afogadas en meio d'espanto e terrore, e iste pobo non arela mais que un movemento, pra co-un ademán aroso acurrunchar os homes caducos e apodrecidos pol-a maldade, tirar ô chan as falsas estatuas i-erguer a seus fillos honrados e laboriosos despois de lograre o reconecimento dos seus dereitos e do seu poder.

(Do semanario *El Tea*, de Vigo.)

VALENTES

A Ramón Cabanillas, o predileito das Musas.

Irmáns: O viño quente da poesía ferve nas cuncas xa. Imos bebelo, que, emborrachados de entuseasmo, arelo verbos faguer tolemias na campía.

Borrachos, sí, y-en sanguíñenta orxía, —asaídos leóns, ceibo o cabelo, —recubrámol-a terra c' o mantelo roxo da rábea de mortal porfía.

Â boca a cunca onde rebrila o viño y-a vingadora fouce ao forte brazo, arriscados busquémol-o camiño que vai d' a libertade ao nobre espazo, cantando c' o poeta: «¡Meu carriño!» e berrando con él: «Lume no Pazo.»

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

¿Qu'é ise roubo noxento de cibandanía ós galegos, tendo a miles d'honrados veciños sin voto, â maoría con nome ou algún apelido que non e d'el e á moitos finados e ausentes como eleitores?

¿Qué son os numerosos tributos ilegais que cobran os Municipios, sinon froito d'isa praga odiosa?

¿E a bulra ô qu'intenta faguer eleicións, xa pechándolle os colexios ou dando por feitos algunhos aitos sin habere tal, xa virando o censo, ou recuando notarios, xa mintindo, prendendo, ou movizando forzas com'ameaza?

¿E a fame de xustiza qu'atormenta por todol-os rincóns galegos e que demostró tan brillantemente aquela carta maxistral

DE MIN PRA VOS

UN FEITO HISTÓRICO

FAI unhas datas, un bô irmán, narróume o feito histórico que vos vou á contar, aínda que non por que vol-o conte, sexa conto.

O feito acontecéu n'un vagón do ferrocarril de Ferrol a Betanzos, entr'un feixe de rapaces non galegos, e un probe paisano noso; probe pol-a falla de cartos, e rico pol-a intenzón.

A cousa foi recentemente. Unhos cantos rapaces que voltaban con licencia pr'ás suas casas, rubiron xuntos á un vagón, e cheos de ledicia, cantando e berrando como condenados, eisí viñeron até chegar á estación de Xubia, ond'os fixo calar a persenza d'un paisano que co-unha maleta n'unha man e un lote na outra, antróuse de rondón ond'eles, e dando unhos secos e tristesiros:— Bôs días,—sentóuse.

A chegada do intruso foi acollida co-un longo silencio, e unhos lixeiros e malizosos troques d'olladas pol-os rapaces.

O bô do paisano, prôcupado pol-o dôr que debía levar cravado na alma, á xuzgare pol-a sua tristura e algunha qu'outra bágoa que rodáballe fazulas abaixo, debilidade qu'acochaba baixando a chola com'ollando ô chan, non faguía caso, non vía, ou disimulaba, as olladas malizosas dos seus compañeiros de viaxe.

Ô fin, un d'eles, o mais afouto, dirixéulle o verbe en lingua eistranxeira:

—Paisano ¿sabe vosté que foi pra nós algo eisí com'un dôr de moas?

—¿E por qué, meu amigo?—contestóulle o paisano erguendo cachazudamente a chola.

—Porque non hai cousa pior pra terminal-a ledicia. Cantabamos todos; entróu vostede, e xa ve, calados como petos.

—Pois por min que non sexa; canten e bailen canto queiran, qu'eu non metereime n'iso.

—Pró home de Deus, si nos tén contaxiados co-a sua tristura, e si cantamos vanos a sair cantos funeraes.

—Boeno, fágan-o que queiran—rosmóu mais que dixo o paisano.

—Si tan siquera volvéramosll'a ledicia ô corpo...

—Non volverán, non.

—¿Finóulle algún parente?

—Endeben, non, señor, non.

—¿Ten algún doente?

—Sóbralles a saude á todos.

—¿Tivo algunha perda d'importanza?

—Perdas d'importanza tivera, e ficárame mais do que teño.

—Logo, ¿ten algunha doenza?

—No corpo, non.

—¿Demontres! ¿Onde logo?

—Na alma.

—¿Na alma! ¿E vosté onde tén a alma?

Ríronse todos da pregunta, ou millor dito da risposta que podía vir, e agardaron arellosos.

O paisano pasóu a man do revés por un lado e outro do bigote, e dixo:

—A fé que ponme n'un apuro, mais verei de sair d'il. Cando á vosté dirixinll'un aldraxe, ¿ond'o sinte?

O interpelado algo amocado pol-a pregunta, mais non querendo deixar d'adivertírese á conta do paisano, díxolle:

—Vexo que vostede é espelido.

—Hainos mais qu'eu,

—¿E logo?

—Qu'outros teñen que xantar na terra qu'eu deixo pra non finir de fame.

—¿Vai pr'América, entón?

—Vou, si señor; mais roparo que vosté debe sere bon home.

—¿Por que mo dí, paisano?

—Pol-o moito que s'intresa pol-a miña vida.

—¿Com'o vexo tan tristeiro!

—Quéreme poñer ledo, ¿no-é certo?

—Si en min estivera...

—Enxergo, e coma non río eu, rinse vostedes. Por iso ¿que tales son!

—Non sexa mal pensado; fállolle con se-

riedade. Eisí que paréceme que por ire pr'América non debe poñérese eisí.

—Si fora eu soio no mundo, pouca pena levaba. Teño muller, teño fillos... Ademáis, a terra, o amore á terra, tamen pesa...

—Pois non péselle, que n'hai mal que por ben non veña.

—Xa o creio; si fora como vostedes pr'a casa.

—Non, home, non. Ao millor, volta d'América co-unhos cantos miles de pesos no peto...

—Ou millor, doenzas no peito.

—Eu pódolle decir d'un do meu pobo que foi aló, e voltóu podre en cartos.

—E de que pobo é vostede?

—De Fuentemansa somos todol-os qu'eiquí imos.

—Serán, señor, sirán.

—Ademáis—díxoll'o perguntón faguéndolle unha seña ôs compañeiros—, pode sere tamén que dempois de cinco ou seis anos por aló, atope ô voltare á casa dous ou tres nenos mais.

Os compañeiros do perguntón ríronse a carcaxada limpa, e o paisano quitand'o sombreiro e pousand'ô nas rodela, contestóulle sornón:

—¿Ai o qu'é por ehí non temos pena ningunha por ista terral

—¿Son bôs de convencere?

—Non señor, e que temos tomado o acordo de todol-os nenos que nascen por ise xeito, mandal-os a vivire a Fuentemansa.

—E por qué ô noso pobo?

—Ai, señor, por tere alí a costume de non perguntarlle ôs nenos pol-os pais.

RICARDO CARBALLAL.

PINTORES D'ALMAS

SEIJO RUBIO

Co seu corazón d'artista que en xamáis sintú envexa, porque mira como suas as satisfaciós alleas, dende Madrí, cnde foi nado, veu fincar na nosa terra. *Prendado dos seus feitizos, que engayolan a calquera, tanto entróu Galicia n'él y-él entróu na alma gallega, que hoxe é un dos nosos enxebres: galego hastr'as entretelas, pois por vocación artística chega ô riñón das aldeas e vai en busca dos pazos

pol o camiño da igrexa, e atópase cos romeiros cando dan volta da festa, y-embóbase cos paisaxes que antusiasmado contempra; e fiel namorado d'eles, así nas tardes de brétema como nas postas do sol, pra telos máis á sua veira, cópiais e lévaos consigo co agarimo d'unha ofrenda que un forasteiro lle ofrece á yalma da nosa terra.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

Sere nazonalista é sere humán

DESPOIS de sufrir aldrexes de tod'los xeitos mais que suficientes pra orientar a nosa aitividade, ainda hay quen ó falar de nazonalismo non quer reconecer compatibilidade no amor á nazón co amor o xénero humán: ¿e como non reconecelo eisi? coma sería un egoísmo perigoso e despreciabre, o amor escrusivo á nazón galega non querendo respetar garimosamente ás demais.

O amor á nazón e unha virtude primordial coma o amor d'o fogar ou com'a honradez.

Por iso ó decrararnos nazonalistas, non pretendemos impoñernos — nin tampouco humillarnos— a ningua outra; e si conquerir, do nomeado Estado Central, unha independencia relativa proporcional ás nosas necesidades.

Non esquecendo qu'eisi coma pormetimos donar a nosa vida pr'a defensa do conglomerado, ante unha incursión estranxeira, non dubidaremos tampouco en sacrificala en holocausto os intreses d'a nosa nazón. Elas o mesmo qu'ás persoas deben aplicarse a máisima: «Non fagas a outro o que non queiras que che fixeran a tí». Eisi é com'ó sentimento debe penetrar nas relacións xeneraes pra purificalas e pacificalas, pois a paz entre as naciós coma entre os individuos e os cidadáns d'un mesmo país

non pode fundárese mais que sobre o mútuo respeto ó dereito de cada un.

Eiquí diremos com'un gran estadista norteamericano: ningunha nazón habrá mais útil qu'aquila que estexa mais saturada da idea nazonalista e que realice mais prenamente os seus dereitos como nazón e os seus deberes pra cós seus própeos cidadáns. Mais volvamos ó punto de orixen que motivó istas mal perxeñadas liñas preñadas quizais de moitas trabucaciós, mais ditas con toda a millor intenzón e sinceiridade.

A concepción d'unha sociedade sin distincións de nazonalidades somella sere trabucada: poidérase comparar con aquila outra, d'onde antigos soñadores arelaban unha monarquía universal, pensamentos estes que non foi posibre realizare, mais que fixeron tinguir con sangue o universo enteiro.

O probrema non é abolir as nazós nin tampouco maldecilas por creere imposibre a sua fusión, senón qu'ó mais verdadeiro é aproisimalas e facer si se pode por agrupalas pacificamente en asociaciós, cada vez mais estensas, até que cheguen a identificárense no mundo enteiro pol-a sua colaboración razonada e conscente. D'outro xeito, ¡malpocados!

RAMÓN SÁNCHEZ.

Próxima asamblea en Vigo

OS elementos congregados na Asamblea celebrada en Santiago con motivo dos sucesos de Nebra, véndose traicionados pol-a comisión que fora nomeada pra redactar as bases, teñen mentes de volvérense a xuntar en Vigo, en compañía d'outros varios elementos mais.

N'isa Asamblea na que tomarán parte Cambó ou algún representante seu en nome dos rexionalistas cataláns, agrarios, solidarios, Irmandades da fala, e todos aquiles que comulgan co-iste san movemento rexionalista, aporbarán unhas bases pr'á loita d'elexir deputados, sin mais compromiso qu'ó de loitar todos xuntos até saír vencedores.

Poñémol o en conecimento dos caciques, non pra que porpáranse pr'á loita, sinón pr'asistire ós seus funeraes. ¡Tempo era, condanados!...

O laberquismo caciquil

ANDAN moitos caciques ruís por ises pobos de Deus poñendo medo á algúns amigos, con andrómenas e falsedás.

D'ises caciques hainos que chegan á decire que nós iremos á facer as porpagan das do brazo d'eles.

(7 FOLLETON DE «A NOSA TERRA»)

CERTAME DE «MARUXA»

Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

todol-os xéneros, pulsa total-as cordas da lira, até a torva das supremas xenreiras, Cabanillas bebéu as augas da inspiración nas mesmas fontes que os grandes vates do noso renacemento primeiro, e zugóu, como abella de milagre, en total-as froles da raza, pra darenos a ofrenda da mel hymeta que arelábamos. Pro soupo evolucionar c'os tempos, pra faguerse moderno, novo no vello e vello no novo, que é sere contemporáneo de cada día pra sempre, trocándose no primeiro poeta da Raza, pol-a forma e pol-o fondo, pol-os grandes recursos que acertóu a sacare do noso idioma, nas suas bentas mans cal un órgano que tan axiña deixa ouvir os rexistros feituquiños, doces, mimosos, com'as voces graves, e os berros irtos, bruantes, feros.

Lembrádevos dos versos do «Meu Carriño» — inxelos, motivos, que envolven sua grandeza na homildá, com'os regos d'auga

cristaiña que a invernia troca en fervenzas — irmáns dos millores de Gabriel e Galán, de musicalidade nunca superada:

¡O de eixo de ameneiro
y-os canisos de sanguíño!
¡Meu amor de carreteiro!
¡Meu carriño cantareiro!
¡Meu carriño!

Lembrádevos d'aquel romance «Meus irmáns» que poderíamos coidar arrincado d'un libro do Santo de Asis.

¡Rayola, xirón e verso,
todos sodes meus irmáns!

Ouvide o vento mareiro, «tráxico e bruante cal os malditos caciques que asoballan nosa terra» que fai tremar o endecasilabo libre de «A traxedia das follas».

como pantásmas
de antigos frades, en medosa noite,
da igrexa en terra no desfeito coro,
na veiramar, os altos pinos fungan
o responso da morte da campía.

Istes versos érguense á outura dos mais inspirados de «A Visión de Fray Martín» de Núñez de Arce.

Cabanillas, o grande, o inmenso Cabanillas — pois eiquí desexamos choer noso traballo — amostra á costa do seu xenio que o galego serve pra espresare todol-os matices do sentimento e total-as facianas do pensamento, abrindo diante os ollos da xuventude un novo hourizonte lumioso... A Galicia d'agora ten xa o poeta que percisaba:

sin mais alcuño ni-achego
gallego .. ¡soyo gallego!

O poeta primeiro da terra que chega á y-alma das cousas pol-a escadiña das sotiles delgadeceas da estética moderna; poeta do xeito d'aqueles cantados por Shiller pra quenes Deus, ó repartir o mundo antr'os homes, reseryóulles o ceo xa que iles ocupados na conta das estrelas esquencéronse d'asistire ó reparto terreal. C'ó que temos dito que Cabanillas é probe.

...¡Virá tral-o poeta grande, o gran pro-sista a quen todo lle porpara advenimento?... Idioma que cal o galego serve coma ningún — agás o italián — pra o verso, ¿non ten que servire inda millor pr'á prosa?

Non o creades. Os caciques acochados na lama dos seus vellos vicios, minten coma cochos. O dominio dos caciques noxentos está contado.

E a sua cativeza é tanta que, inda á hora de morrer, á hora de daren as boquedás, cando ninguén minte, eles minten e chufan coma condenados.

Chegou o instante da morte dos partidos do turno e de todol-os pulpos e tearañas compretadoras do maldito taboado da farsa que asoballan a cidadanía e a soberanía galegas.

Amigos nosos: fe, esperanza e vountade. Que non haxa desalentos. Despreciai parvadas de ruin lei. Os césares de *doublée* e de cirolas na y-alma, que tiñan comesta coa trilla das suas cativezas a liberdade de vilas e aldeas, xa non terán mais poder. O poder é noso. Axiña verédelo.

Charlón e Hermida

ISTOS enxebres autores e aitores, deron unha función o domingo antederradeiro no *Circo de Artesanos* pr'á que foron invi-

tados pol-a direitiva da nomeada sociedade e demais istá o decire que ficaron a gran outura nos diálogos «O manciñeiro», «Trato a cegas», e no monólogo «O vello paroleiro.»

Istos condenados de rapaces, non sojo eispoñen as costumes da nosa terra, sinon que anuncian o que ten de vire. Aquela caída da casa sobor do Tio Merexildo en «O manciñeiro», non temos dúbida algunha de que foi pr'anunciare a caída próisima da casa dos caciques. ¿E a do bigote? Ai, ¡a do bigote! é pra qu'os políticos manciñeiros embaucadores e ladrons do noso pobo, digan pr'o seu chaleque:—A ise, caeull'o bigote, pr'ô qu'é á nós, a nós, vainos a cael-o pelo!

¡Ben por Charlón é Hermida!

Peneirando...

CALVO Sotelo ô persentare o coro *Cántigas e Aturuxos* en Madrí, adicoulle un canto a Galicia, moi fermoso como feito por il. Mais cantoulle á Galicia humilde, n'istes tempos de loita nos que latexa unha forte rebeldía, e o seu canto... ¡canto malo foi!

¡Por Deus, Calvo Sotelo, non loite por quitárelle ise patrimonio ô autore de «Muros de Oro»!

Tan fonda e tan intensa vai a sere a nosa porpaganda pra tumbal-os caciques, e tal é o medo e o terrore que d'iles apoderouse, que até os *Césares*—non-os Augustos—tremaban como tremaban os veciños de Betanzos cando Betanzos ardéu.

Benavides, o pasante de Bugalla—¡arrenégote demo!—, preguntaba no *Diario de Orense*: ¿A qué vienen los catalanes a Galicia?

Home, ¡non sexa parvo!, á deixare ô seu amo e señor, de pasante á millor vida política: a vida política de acougo perpétua qu'é onde debéu estar sempre.

Picorete anda en busca de *ramos* que teñen vellas virtudes, pra faguer un novo lar rexionalista.

Iste Picorete no-as pensa. Non pode negare qu'é un persoaxe de cine. ¡Miren vos-tes que buscare ramos pra faguer un lar, n'iste tempo en que non teñen follas!...

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA.

Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en liberdade de darlle calquer *sustituto ou imitación*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuos efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na adeministración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Prá encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pòrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

L.ABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacén de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico dá poboación, axeitado á outura dos milliores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

—*—

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opiniós de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó auto-re, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo siñalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilítanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.